

A decorative graphic on the right side of the page consists of three overlapping circles of varying sizes, each with a dark orange center and a lighter orange outer ring. Two thin orange lines extend from the top left towards the circles, and a larger orange shape is partially visible at the bottom right.

Hoxeaparco.com

Dossier de prensa

Presentación do Proxecto Hoxeaparco.com e novidades no sistema de xestión.

Grupo Sanromán Comunicación S.L.
www.hoxeaparco.com

~ ¿Qué é Hoxeaparco.com?

Fai dous anos lanzábamnos un proxecto de compartir prazas de aparcamento denominado *Hoyencuentrositio.com*, que buscaba poder compartir praza de aparcamento cerca do noso lugar de traballo. Puxemos en marcha un *programa piloto con 60 persoas* intercambiando praza de aparcamento e a idea funcionou.

Por tanto desa experiencia consolidamos a idea, melloramos algúns aspectos creando a infraestrutura suficiente para a cantidade de demandas que tivemos naquel momento e lanzamos **Hoxeaparco.com** que é a continuación daquel proxecto pero con maior infraestrutura detrás e o apoio dunha empresa.

~ Hoxeaparco.com

Tras a experiencia piloto creamos toda a infraestrutura, incluso a administrativa para xestionar todo isto e contamos co apoio e asesoramento no **SAE** (Servizo de Asesoramento a Emprendedores) **do Concello de Vigo** que nos axudou desde o primeiro momento a montar a base para xestionar administrativamente a idea.

Ademais mencionar que o proxecto conta cunha subvención da Xunta de Galicia e foi calificada como *ILE* (Iniciativa Local de Emprego) polo carácter innovador do proxecto.

~ Funcionamento da Idea


O funcionamento é sinxelo e apenas variou desde o que se presentou fai dous anos. Unha persoa (A) conta cunha praza illada da vivenda particular (un piso) e necesita outra praza de aparcamento cerca do lugar onde traballa. Entón mentres traballa (A) deixa libre a súa praza que é ocupada por algunha persoa do servizo e esa persoa (A) pode aparcarse na praza de outro cerca do seu lugar de traballo. Todo isto por un **custe anual de 100 €** en concepto de gastos de servizo.

Para **apuntarse a este banco de prazas** non é necesario pagar nada e basta con rexistrarse na nosa web www.hoxeaparco.com ou chamarnos o **902.882.313** e tomaremos nota dos datos da persoa interesada e en canto encontremos una praza cerca do seu lugar de traballo nos poremos en contacto e formalizaremos o servizo.

Apuntarse non custa nada, se hai sorte e encontramos una praza entón cobramos 100 euros anuais pero en caso contrario non cobramos nada. Outro punto a ter en conta é que no momento que te apuntas tampouco che van a utilizar a túa praza de garaxe, posto que ata que consigamos una praza para o cliente a súa non se utiliza nunca.

En canto a medidas de seguridade, recordamos que **una vez encontrada una praza firmase un contrato coas condicións de uso**, horarios, etc. E ademais pedimos que os seguros dos vehículos estean en vigor por si pasara algo, entre outros documentos.

Ademais a peculiaridade do noso sistema xestionado a través dunha base de datos e dun pequeno programa e que **non buscamos que só coincidan dúas persoas** senón que entre o grupo de prazas que temos **poidamos enlazar a xente complementariamente** e desa forma podemos cubrir mellor a demanda.



A explicación deste esquema é sinxelo:

-Persoa A : **cede** praza a B e **utiliza** a de D

-Persoa B: **cede** praza a C e **utiliza** a de A

-Persoa C: **cede** praza a D e **utiliza** a de B

-Persoa D: **cede** praza a A e **utiliza** a de C

Datos a ter en conta

Desde que empezamos co proxecto inicial puxemos en **funcionamento a 60 persoas** compartindo praza con noso sistema en Vigo, ademais temos una demanda de prazas que rondan as **390 persoas esperando por una praza de aparcamento**, sendo máis demandada a zona Centro (Entorno de Caixanova, e Marqués de Valladares).

Estamos intentando chegar a acordos con entidades para a cesión de prazas de aparcamento e temos mantido conversacións con varios centros comerciais. Ademais de momento estamos centrados en prazas pero esperamos que a curto prazo se poida **instalar un sistema de compartir praza de aparcamento en superficie** pondo en contacto a xente que aparque na rúa e que se complemente en horarios con outras persoas que traballen na zona pero en ese servizo aínda estamos traballando.

Datos de contacto

Para máis información poden contactar con nosco:

Diego García Moreira

Director técnico

info@hoxeaparco.com

Tel. 654.65.00.20

Grupo Sanromán Comunicación S.L.